RESUMO SINTAXE DOS CASOS

Nominativo
Usos máis frecuente

- Suxeito: *ὁ ἄνθρωπος τοῦτο λέγει* ("O home di iso").
- Predicado nominal, con verbos copulativos ou en oracións nominais puras: *τοῦτο ψευδές* (“iso é falso").
- Predicativo, con verbos pasivos: *ὁυτος ἀγαθὸς νομίζεται ὑπὸ τῶν φίλων* (“ese é considerado bo polos seus amigos").

Nominativo
Outros usos

- De cita ou de título. Para reproducir o texto dunha persoa ou o título dunha obra: *Ὅμηρος ἔγραψε ἡ Ἰλιάς* (“ Homero escribiu a *Ilíada*“).
- Adverbial. Trátase de adxectivos ou participios que equivalen a adverbios: *οὗτος εὐθὺς ἦλθε* (“ese veu rapidamente").
- Exclamativo, no lugar dun vocativo para chamar ou mostrar admiración : *νήπιος, οὐδὲ τόδε οἶδε* ("necio, nin sequera iso sabe").

Vocativo

Este caso, ademais de aparecer entre pausas, é facilmente recoñecible polo emprego da partícula *ὦ.*

Acusativo

- Complemento directo. Externo ou interno
- Acusativo dobre:
  - De persoa e cousa, : *αὐτὸν χρήματα αἰτεῖν* ("pedirlle diñeiro").
  - De Complemento Directo e Predicativo: *αὐτὸν βασιλέα νομίζειν* ("considerarlle rei").
  - Do todo e da parte: *αὐτὴν τὴν κεφαλὴν τιτρώσκειν* (“ferila na cabeza").

- Acusativo de extensión ou duración : Con palabras que indican tempo ou espazo: *πέντε ἡμέρας μένειν* ("permanecer durante cinco días").
- Acusativo de relación: Soe referirse a partes do corpo ou as súas calidades : *καλὸς τὸ σῶμα εἶναι* ("ser fermoso de corpo").
- Acusativo adverbial. *τὸ τελευταῖον* ("finalmente"), *τοῦτον τὸν τρόπον* ("deste modo")...

Xenitivo

- Complemento dun substantivo.
  - Pode expresar a propiedade, o parentesco, a materia, o prezo, a medida, a idade. Pode ser PARTITIVO, SUBXETIVO e OBXETIVO
- Complemento dun adxectivo
- Complemento dun verbo
  - Pode ser o réxime do verbo (equivale a o noso Suplemento).
  - **Xenitivo de Relación**. Indica aquilo en relación co que se toma unha determinación. Pode traducirse cos xiros preposicionais "en relación con", "respecto a", "con vista a": *δικάζειν τὸν Σωκράτη τῆς ἀσεβείας* (“xulgar a Sócrates de impiedade").

- **Xenitivo Ablativo**. Ten función circunstancial. Pode indicar punto de partida, separación, orixe, comparación. : *παύομαι εἰρήνης* ("ceso a paz").
- **Xenitivo segundo termo dunha comparación**. En construcións comparativas :*ὅδε ἡδίων τῆσδε* (“este es máis agradable que esta"). Tamén aparece con esta función en expresións comparativas : *ἄλλος τούτου* ("outro que no sexa este").

DATIVO
-DATIVO PROPIO-

- Complemento Indirecto. Indica a persoa que recibe indirectamente a acción do verbo: *τῷ ἡγεμόνι τοῦτο διδόασιν*.
- Dativo Posesivo. Soe ir con verbos copulativos: *ἐμοὶ βιβλιον ἐστίν* ("para min hai un libro= teño un libro").
- Dativo Simpatético. Soe equivaler a un posesivo : *ἦλθε φίλος μοι* ("veu o meu amigo")

- Dativo Ético. Indica o interese sentimental da persoa respecto á acción verbal: *α)ρχομαι δε σοι α)πο τω=ν μικροτατων παραδειγματων* (“co mezareche polos exemplos menos significativos ").
- Dativo *commodi* (de proveito) *incommodi* (de dano). : *πονεῖ αὐτῷ* (“esfórzase para el").
- Dativo Axente. Con formas verbais do tema de perfecto ou adxectivos verbais en -*τος* -*τεος*: *τὰ ε)κεινοὶ πεπραγμενα*("as cousas feitas por eles")

- Dativo de punto de vista ou de relación: Indica a persoa ou cousa respecto á que se da unha situación xeográfica ou cronolóxica. É frecuente en frases feitas do tipo *ἐσπλέοντι ᾽Αθήναζε ἐν δεξιᾷ πόλις ἐστὶν* ("a cidade está,segundo vaise navegando a Atenas,á dereita").

DATIVO -INSTRUMENTAL- ASOCIATIVO-

- Compañía : *ἐγὼ αὐτῷ τοῦτο παραδίδωμι* (“Eu entrego iso con el").
- Instrumento : *θανάτῳ κολάζειν* ("castigar coa morte").
- Modo. Indica o xeito ou circunstancia que acompaña á acción: *σιγῇ* ("en silencio").
- Causa: Frecuente con verbos de sentimento: *νίκῃ χαίρειν* ("alegrase da vitoria").
- Medida. Expresa a cantidade na que se diferencian dúas cousas: *ἦλθε πολλῷ ὕστερον* (“chegou moito máis tarde").

DATIVO
-LOCATIVO-

- De lugar. *)Αθῃνησι* (“en Atenas”)
- De tempo. Con palabras que indican tempo: *τῇδε τῇ ἡμέρᾳ* ("neste día").